

UNIDADE 9

Unidade 9, exercicio 1, parte B e C

Prognóstico 1

Boas noites. Na segunda metade da semana, Galicia quedará baixo a influencia dun anticiclón que vai deixar, en xeral, o ceo pouco anubrado ou despexado, con néboas no interior. Isto ha facer que descendan os valores mínimos, pero que as máximas se manteñan estables con posibilidade de descenso. Así pois, temos valores suaves para esta época do ano.

Os ventos continúan a soprar febles en todo o territorio.

Isto foi todo, ata mañá.

Prognóstico 2

Ola, boas tardes. No ceo continúan alternándose as nubes e os claros. Nas comarcas do interior, as néboas da mañá xa lle deron paso aos primeiros orballos da estación e, conforme avance o día, agárdanse chuvascos, sobre todo no sur de Lugo e na provincia de Ourense. Na costa sur é probable que desaparezan as nubes e saia o sol. Os que poidan, aprovéiteno, porque para mañá o tempo empeora.

Canto ao vento, a cousa pode complicarse. Continúa moderado en todo o territorio, pero contra a noite, pode haber algún refacho forte na costa norte.

As temperaturas mantéñense estables.

Isto foi todo, que teñan unha boa tarde.

Prognóstico 3

Bos días. O bo tempo parece que non nos vai abandonar esta semana. Para mañá agárdase ceo despexado en todo o país, agás no terzo norte, onde é probable que aparezan nubes e claros. No interior, algún banco de néboa non vai deixar saír o sol nas primeiras horas do día.

O vento ha ser moderado na franxa nor-occidental e feble no resto.

Os termómetros continúan subindo, e rexistraranse máximas de ata 28º na provincia de Pontevedra.

Con isto rematamos. Gocen do día.

Unidade 9, exercicio 10

- Ben, agarde un chisco que vou buscar o formulario para cubrir os datos da vivenda que quere alugar.
- De acordo, non se preocupe que non teño présa.
- A ver entón, dicía que o inmovible está na Coruña, concretamente na vila da Pobra do Caramiñal, non é?
- Si. É un piso que está nunha zona residencial, preto da praia do Areal.

- E que superficie ten?
- Son 80 m², é un primeiro, e aínda me entregaron as chaves hai tres meses.
- Agora dígame o número de cuartos, se ten garaxe, rocho... xa sabe.
- Pois son tres cuartos, un deles con aseo; un cuarto de baño, unha cociña grande totalmente equipada e unha sala. Non ten rocho pero na cociña hai unha despensa pequena. O piso tamén ten unha terraza con vistas á ría. Na terraza hai un lavadouro e un tendal. No soto temos dúas prazas de garaxe, xusto ao lado do ascensor.
- Moi ben. E poderíame falar do equipamento?
- Xa está listo para entrar nel. Só falta acabar coa calefacción.
- E para cando a tería instalada?
- Non o sei, pero o técnico dixo que só quedaba colocar os radiadores da sala.
- Ben, e o resto?
- Na cociña, amais de mobles temos lavadora, secadora, microondas e vitrocerámica con forno.
- E ten lavalouza?
- Non, non a temos. O que si temos é unha neveira con conxelador e tamén un ventilador. Ah, non lle comentei que temos roupa para as camas e mais toallas.
- Tomo nota. Algún electrodoméstico máis?
- Si, televisión, DVD e hai fío musical, pero non funciona en todos os cuartos. Non temos internet pero case sempre collemos a rede da biblioteca.
- Está ben. E servizos da comunidade?
- Temos unha zona axardinada con parque infantil e cancha de tenis.
- E sauna ou piscina?
- Sauna non hai. E piscina... tampouco a temos, pero está o mar a un paso.
- Con isto penso que abonda. Vou organizar toda esta información e, en canto haxa alguén interesado, xa o aviso. Ah! Non falamos do prezo do alugueiro!
- Eu non o alugo por menos de mil cincocentos euros.
- E os gastos de comunidade?
- Son vinte e cinco euros.
- Creo que está todo. E para contactar con vostede, a que número a chamo?
- Doulle o do móbil: 654.328.902.
- Moi ben, moitas grazas.
- Nada, a vostede.